

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: ESCOLA DE VERÁN 2022

ANTECEDENTES:

o escola de verán é unha oferta educativa e de ocio concibida para conciliar a vida laboral e familiar dos veciños e veciñas de Ames durante o período non lectivo de verán, entre o 1 de xullo de 2022 ata o 31 de agosto de 2022. As normas de organización e funcionamento de dito programa están reguladas no “Regulamento da escola de verán do Concello de Ames” publicado no BOP núm. 86, de 8 de maio de 2019.

O servizo está dirixido aos nenos e nenas de Ames que durante o prazo de inscrición estean escolarizados no 2º ciclo de Educación Infantil e Primaria.

Segundo establece o artigo 11 de dito Regulamento, a escola de verán desenvólvese en Bertamiráns e no Milladoiro, nos locais habilitados polo Concello e que se farán públicos en cada convocatoria nas oficinas de O Milladoiro e Bertamiráns, e tamén na páxina web do Concello “www.concellodeames.gal”.

A situación de crise sanitaria xerada polo COVID-19, implica necesariamente ir adaptando os programas de conciliación da vida laboral e familiar ás sucesivas normativas que van xurdindo por parte das autoridades sanitarias.

Así, o 18/03/2022 as consellerías de sanidade e educación publicaron unha comunicación conxunta na que deixaba de recomendar o uso das máscaras nos espazos ao aire libre dos centros educativos da comunidade.

Por outra banda, o 01/04/2022 as consellerías de sanidade e educación publicaron a comunicación conxunta sobre a nova estratexia e control do SAR-COV-2 na etapa de transición na que se indica o seguinte:

1- Non se realizarán probas confirmatorias dos test positivos de autodiagnóstico, a excepción de certos grupos vulnerables¹. Polo tanto as persoas cun resultado positivo nun test de autodiagnóstico serán sempre casos sospeitosos da COVID-19.

2.- Do mesmo xeito, aquelas persoas con clínica compatible da COVID-19 tampouco se lle realizarán probas confirmatorias, coa excepción dos anteditos grupos vulnerables¹, e estarán tamén considerados casos sospeitosos da COVID-19.

3.- Os casos confirmados da COVID-19 unicamente serán aqueles que teñan unha proba diagnóstica positiva (PDIA) realizada por un profesional sanitario, logo de valorar o criterio específico polo cal se lle solicita a proba diagnóstica. Os test de autodiagnóstico non son probas diagnósticas que confirmen a enfermidade.

4.- As recomendacións preventivas para os casos sospeitosos, confirmados e contactos estreitos pódense revisar na seguinte ligazón da páxina WEB da Consellería de Sanidade (<https://coronavirus.sergas.es/Contidos/Que-facer-contacto-covid>)

5- A aplicación EDU-COVID deixa de utilizarse, xa que deixan de rexistrarse os casos sospeitosos, confirmados e contactos estreitos de COVID-19 no ámbito educativo.

6.- Aínda que se modifícase a vixilancia e o control do SARS-CoV-2 nesta etapa de transición, seguen a estar en vigor as medidas xerais de prevención da COVID-19 no relativo ao uso axeitado da máscara segundo a normativa vixente, o mantemento da distancia de seguridade, o lavado frecuente de mans e a ventilación axeitada de espazos.

7.- No seo da Ponencia de Promoción da Saúde na que participan todas as comunidades autónomas e na que se consensúan as “Medidas de prevención, hixiene y promoción de la salud frente a covid-19 para centros educativos”; no referente ás actuacións ante síntomas dos nenos/nenas compatibles coa COVID-19 ou doutras

¹GRUPOS VULNERABLES: persoas de 60 anos ou máis, persoas con condicións de alto risco (grupo 7 da estratexia de vacinación, o cal inclúe ás persoas inmunodeprimidas) e mulleres embarazadas.

enfermidades potencialmente transmisibles, estase a recomendar continuar coa medida que estaba en vigor antes da pandemia, é dicir que os nenos/nenas non acudan ao centro ata que melloren eses síntomas.

Finalmente, o 19/04/2022, publicouse no BOE o RD 286/2022 polo que se modifica a obrigatoriedade do uso de máscaras de xeito que a partires do 20/04/2022, o seu uso, tanto en interiores como en exteriores quedou de xeito xeral, salvo casos moi específicos, eliminado.

Tendo en conta a necesidade de establecer os lugares habilitados nesta convocatoria para a realización do programa, o número máximo de prazas por quincena, grupo de idade e centro, así como a adaptación do programa ás últimas normativas derivadas do contexto COVID-19, no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1º.- Iniciar o prazo de inscrición para o servizo de conciliación da vida laboral e familiar do Concello de Ames denominado “escola de verán 2022”

Dito prazo de inscrición estará aberto desde o 02/05/2022 ata o 16/05/2022, ámbolos dous días incluídos.

2º.- Informar que o período de desenvolvemento do programa e os centros habilitados para a súa realización son os seguintes:

Período de desenvolvemento do programa: xullo e agosto de 2022

Lugares habilitados:

Milladoiro

Escola de Educación Infantil de Milladoiro: para os/as alumnos/as escolarizados durante o curso 2021/2022 nalgún dos niveis do segundo ciclo de educación infantil.

CEP de Ventín: para os/as alumnos/as matriculados/as durante o curso 2021/2022 nalgún dos niveis de educación primaria.

Bertamiráns

CEIP de Maía: para os/as alumnos/as escolarizados durante o curso 2021/2022 nalgún dos niveis do segundo ciclo de educación infantil ou educación primaria.

3º.- As prazas dispoñibles para este programa por quincena, por centro e por nivel de idade é o seguinte:

prazas Maía	Bertamiráns		Milladoiro	
	infantil	primaria	infantil	primaria
1-15 xullo	90	90	90	90
16-31 xullo	75	75	75	75
1-15 agosto	45	45	45	45
16-31 agosto	30	30	30	30

A cobertura de prazas realizarase conforme ao estipulado no artigo 17 do Regulamento da Escola de Verán.

4º.- Facer público o plan de adaptación do escola de verán 2022, que se incorpora como anexo I a este Decreto, á situación actual da crise sanitaria do COVID-19 incorporando as últimas modificacións normativas.

5º.- Os pais/nais/titores deberán traer cuberto o primeiro día de utilización do programa o documento de “Aceptación de condicións de participación, obriga de información e consentimento informado, para participar na actividade “Escola de verán 2022 do Concello de Ames” que figura como anexo II a este decreto.

O alcalde

O secretario acumulado

(Resolución da DXAL de data 08.03.2022)

José Blas García Piñeiro

Dalmiro Núñez Méndez

ANEXO I

PLAN DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO COVID-19 DO SERVIZO DE CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E FAMILIAR “ESCOLA DE VERÁN 2022” DO CONCELLO DE AMES

A organización dos/s nenos/as que participan no escola de verán 2022 realizarase en base a unha ratio de 1 monitor/a por cada 15 nenos/as, excepto no caso de nenos/as con necesidades específicas de apoio educativo onde a ratio será 1/1.

O límite de prazas do escola de verán definirase por quincena, por grupo de idade e por centro.

Os grupos establécense en función das idades dos nenos/as, polo que ás prazas que haxa nese grupo só poden ser ofertadas aos nenos/as que estean dentro dese grupo de idade concreto e dentro dese centro concreto.

RECOMENDACIÓNS XERAIS

Non poderán participar no escola de verán 2022 o/a neno/a:

- Se ten febre, diarrea, vómitos, piollos, síntomas compatibles co COVID-19 ou outras enfermidades contaxiosas.

A nai/pai ou titor legal deberán presentar, antes do comezo da actividade, unha declaración responsable, que recollerá os seguintes puntos:

- a) Condicións de saúde do neno/a participante, na que se acredite non padecer ningún dos síntomas anteriores ou outras enfermidades contaxiosas
- b) Aceptación, tras información previa por parte da organización, das condicións de hixiene e prevención nas que se vai a desenvolver a actividade.
- c) Aceptación de notificar inmediatamente á organización calquera problema de saúde vinculado aos síntomas anteriores ou outras enfermidades contaxiosas

HORARIO ESPECÍFICO DE CADA CENTRO (estes horarios poden sufrir modificacións derivadas do número final de participantes que poida haber por cada grupo de idade)

HORARIOS DA EEI MILLADOIRO:

1ª QUINCENA DE XULLO:

Bos días: 7:30 - 9:00 Porta principal

Entrada de 9:00 a 9:15:

GRUPO DE 4º: Pola porta principal.

GRUPO DE 5º E 6º: Pola porta de emerxencia de usos múltiples.

Saída sen xantar: 14:00 - 14:30

GRUPO DE 4º: Pola porta principal.

GRUPO DE 5º E 6ª: Pola porta de emerxencia de usos múltiples.

Saída con xantar: 15:00 – 16:00

GRUPO DE 4º: Pola porta principal.

GRUPO DE 5º E 6ª: Pola porta de emerxencia de usos múltiples.

2ª QUINCENA DE XULLO:

Bos días: 7:30 - 9:00 Porta principal

Entrada de 9:00 a 9:15:

GRUPO DE 4º e 5º: Pola porta principal.

GRUPO DE 5º E 6º: Pola porta de emerxencia de usos múltiples.

O primeiro día desta quincena avisarase a que grupo pertencen os nenos e nenas de 5º de infantil.

Saída sen xantar: 14:00 - 14:30

GRUPO DE 4º e 5º: Pola porta principal.

GRUPO DE 5º E 6º: Pola porta de emerxencia de usos múltiples.

O primeiro día desta quincena avisarase a que grupo pertencen os nenos e nenas de 5º de infantil.

Saída con xantar: 15:00 – 16:00

GRUPO DE 4º e 5º: Pola porta principal.

GRUPO DE 5º E 6º: Pola porta de emerxencia de usos múltiples.

O primeiro día desta quincena avisarase a que grupo pertencen os nenos e nenas de 5º de infantil.

AGOSTO:

Bos días: 7:30 - 9:00 Porta principal

Entrada de 9:00 a 9:15:

GRUPO DE 4º e 5º: Pola porta principal.

GRUPO 6º: Pola porta de emerxencia de usos múltiples.

Saída sen xantar: 14:00 - 14:30

GRUPO DE 4º e 5º: Pola porta principal.

GRUPO DE 6º: Pola porta de emerxencia de usos múltiples.

Saída con xantar: 15:00 – 16:00

GRUPO DE 4º e 5º: Pola porta principal.

GRUPO DE 6º: Pola porta de emerxencia de usos múltiples.

HORARIOS CEP VENTÍN:

XULLO:

Bos Días: 7:30 – 9:00 Porta do comedor.

Entrada: 9:00 – 9:15

GRUPOS DE 1º E 2º: Porta do pavillón (accédese dende a explanada para aparcar)

GRUPOS DE 3º-4º-5º-6º :Porta traseira do centro (aparcamento dos buses)

Saída sen xantar: 14:00 – 14:30

GRUPOS DE 1º E 2º . Porta do pavillón (accédese dende a explanada para aparcar)

GRUPOS DE 3º,4º, 5º, 6º. Porta traseira do centro (aparcamento dos buses)

Saída con xantar: 15:00 – 16:00

GRUPOS DE 1º E 2º: Porta do pavillón (accédese dende a explanada para aparcar)

GRUPOS DE 3º,4º, 5º, 6º. Porta traseira do centro (aparcamento dos buses)

AGOSTO:

Bos Días: 7:30 – 9:00 Porta do comedor.

Entrada: 9:00-9:15

1º, 2º, 3º, 4º, 5º, 6º: Porta do pavillón (accédese dende a explanada para aparcar)

Saída sen xantar: 14:00 a 14:30.

Porta do pavillón (accédese dende a explanada para aparcar)

Saída con xantar: 15:00-16:00.

Porta do pavillón (accédese dende a explanada para aparcar)

HORARIOS CEIP A MAÍA:

1ª QUINCENA DE XULLO:

Bos Días: 7:30 – 9:00 Portalón pequeno (xunto ao portalón principal) as familias poderán achegarse ata a porta do NOVO COMEDOR para facer a entrega.

Entrada INFANTIL: 9:00 – 9:15.

GRUPO DE 4º E 5º : Porta nova de infantil.

GRUPO DE 5º E 6º: Porta principal ata o patio de rodas.

O primeiro día desta quincena avisarase a que grupo pertencen os nenos e nenas de 5º de infantil.

Entrada PRIMARIA: 9:00 – 9:15.

GRUPO DE 1º : Porta principal do centro ata a entrada frontal do patio cuberto.

GRUPO DE 2º E 3º: Porta principal do centro ata a entrada da rampla (fronte aos baños) do patio cuberto .

GRUPO DE 4º, 5º, E 6º: Porta lateral do centro educativo.

Saída sen xantar: 14:00 - 14:30

INFANTIL:

GRUPO DE 4º E 5º : Porta nova de infantil.

GRUPO DE 5º E 6º: Porta principal ata o patio de rodas.

O primeiro día desta quincena avisarase a que grupo pertence os nenos e nenas de 5º de infantil.

PRIMARIA:

GRUPO DE 1º : Porta principal do centro ata a entrada frontal do patio cuberto.

GRUPO DE 2º e 3º: Porta principal do centro ata a entrada da rampla (fronte aos baños) do patio cuberto .

GRUPO DE 4º, 5º, E 6º: Porta lateral do centro educativo.

Saída con xantar 15:00 -16:00

INFANTIL:

GRUPO DE 4º E 5º : Porta nova de infantil.

GRUPO DE 5º E 6º: Porta principal ata o patio de rodas.

O primeiro día desta quincena avisarase a que grupo pertencen os nenos e nenas de 5º de infantil.

PRIMARIA:

GRUPO DE 1º: Porta principal do centro ata a entrada frontal do patio cuberto.

GRUPO DE 2º E 3º: Porta principal do centro ata a entrada da rampla (fronte aos baños) do patio cuberto .

GRUPO DE 4º, 5º, E 6º: Porta lateral do centro educativo.

2ª QUINCENA DE XULLO:

Bos Días: 7:30 – 9:00 Portalón pequeno (xunto ao portalón principal) as familias poderán achegarse ata a porta do NOVO COMEDOR para facer a entrega.

Entrada: 9:00 a 9:15

INFANTIL:

GRUPO DE 4º E 5º : Porta nova de infantil.

GRUPO DE 5º E 6º: Porta principal ata o patio de rodas.

O primeiro día desta quincena avisarase a que grupo pertencen os nenos e nenas de 5º de infantil.

PRIMARIA:

GRUPO DE 1º E 2º: Porta principal do centro ata a entrada frontal do patio cuberto.

GRUPO DE 3º, 4º, 5º, 6º: Porta lateral do centro educativo.

Saída sen xantar: 14:00 - 14:30

INFANTIL:

GRUPO DE 4º E 5º : Porta nova de infantil.

GRUPO DE 5º E 6º: Porta principal ata o patio de rodas.

O primeiro día desta quincena avisarase a que grupo pertence os nenos e nenas de 5º de infantil.



PRIMARIA:

GRUPO DE 1º E 2º: Porta principal do centro ata a entrada frontal do patio cuberto.

GRUPO DE 3º, 4º, 5º, 6º: Porta lateral do centro educativo.

Saída con xantar: 15:00-16:00

INFANTIL:

GRUPO DE 4º E 5º : Porta nova de infantil.

GRUPO DE 5º E 6º: Porta principal ata o patio de rodas.

O primeiro día desta quincena avisarase a que grupo pertencen os nenos e nenas de 5º de infantil.

PRIMARIA:

GRUPO DE 1º E 2º: Porta principal do centro ata a entrada frontal do patio cuberto.

GRUPO DE 3º, 4º, 5º, 6º: Porta lateral do centro educativo.

1ª QUINCENA AGOSTO:

Bos Días: 7:30 – 9:00 Portalón pequeno (xunto ao portalón principal) as familias poderán achegarse ata a porta do NOVO COMEDOR para facer a entrega.

Entrada 9:00 – 9:15:

INFANTIL:

GRUPO DE 4º, 5º E 6º : Porta nova de infantil.

PRIMARIA:

GRUPO DE 1º E 2º: Porta principal do centro ata a entrada frontal do patio cuberto.

GRUPO DE 3º, 4º, 5º, 6º: Porta principal do centro ata a entrada da rampla (fronte aos baños) do patio cuberto .

Saída sen xantar: 14:00 - 14:30

INFANTIL:

GRUPO DE 4º , 5º E 6º : Porta nova de infantil.

PRIMARIA:

GRUPO DE 1º E 2º: Porta principal do centro ata a entrada frontal do patio cuberto.

GRUPO DE 3º, 4º, 5º, 6º: Porta principal do centro ata a entrada da rampla (fronte aos baños) do patio cuberto .

Saída con xantar: 15:00-16:00

INFANTIL:

GRUPO DE 4º, 5º E 6º: Porta nova de infantil.

PRIMARIA:

GRUPO DE 1º E 2º: Porta principal do centro ata a entrada frontal do patio cuberto.



GRUPO DE 3º, 4º, 5º, 6º: : Porta principal do centro ata a entrada da rampla (fronte aos baños) do patio cuberto .

2ª QUINCENA DE AGOSTO:

Bos Días: 7:30 – 9:00 Portalón pequeno (xunto ao portalón principal) as familias poderán achegarse ata a porta do NOVO COMEDOR para facer a entrega.

Entrada 9:00 – 9:15:

INFANTIL:

GRUPO DE 4º, 5º E 6º : Porta nova de infantil.

PRIMARIA:

GRUPO DE 1º E 2º, 3º, 4º, 5º, 6º: Porta principal do centro ata a entrada do patio cuberto.

Saída sen xantar: 14:00 - 14:30

INFANTIL:

GRUPO DE 4º , 5º E 6º : Porta nova de infantil.

PRIMARIA:

GRUPO DE 1º 2º, 3º, 4º, 5º, 6º: Porta principal do centro ata a entrada do patio cuberto.

Saída con xantar: 15:00-16:00

INFANTIL:

GRUPO DE 4º, 5º E 6º: Porta nova de infantil.

PRIMARIA:

GRUPO DE 1º 2º, 3º, 4º, 5º, 6º: Porta principal do centro ata a entrada do patio cuberto.

MEDIDAS DE PREVENCIÓN E HIXIENE

- Os nenos e nenas deberán traer unha mochila ou bolsa que permita meter todas as súas pertenzas.
- Recoméndase que os nenos e nenas traían ao “escola de verán 2022” un estoxo con pinturas, lapis, goma, afialapis, pegamento, pincel, tesoura. O resto do material proporcionarao a empresa encargada de levar a cabo as actividades.
- Á hora de realizar as actividades específicas da programación, tentarase que estas se leven a cabo en espazos ao aire libre.
- As zonas onde se fai o lavado de mans estará dotadas de xabón e toallas de papel. Levarase a cabo unha hixiene de mans frecuente con auga e xabón ou solucións hidroalcohólicas e realizarase tras cambiar de actividade, antes e despois das comidas e despois de ir ao lavabo.
- Manteranse, sempre que sexa posible, as portas abertas para permitir a ventilación dos espazos pechados nos que se desenvolvan as actividades.



- Utilizaranse desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrado polo Ministerio de Sanidade, respectando as indicacións da etiqueta para limpar as superficies
- Non está permitido traer xoguetes ou calquera outro obxecto de xogo da casa.
- A comida non poderá ser compartida. Ademais non se realizarán actividades que impliquen compartir comida ou coller obxectos coa boca ou similar. Tampouco se levarán a cabo obradoiros de cociña.

ANEXO II

ACEPTACIÓN DE CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN, OBRIGA DE INFORMACIÓN E CONSENTIMENTO INFORMADO, PARA PARTICIPAR NA ACTIVIDADE “ESCOLA DE VERÁN 2022” DO CONCELLO DE AMES

D/Dª con DNI/NIE como
 proxenitor/titor-a da persoa participante (menor de idade):
 D/Dª

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CONDICIÓN DE SAÚDE

Declaro que a persoa participante non presenta febre, diarrea, vómitos, piollos, síntomas compatibles co COVID-19 ou outras enfermidades contaxiosas.

DECLARACIÓN DE COÑECEMENTO DOS RISCOS PARA PERSOAS VULNERABLES (marcar no caso de ser ou convivir con PERSOA VULNERABLE: persoas de 60 anos ou máis, persoas con condicións de alto risco (grupo 7 da estratexia de vacinación, o cal inclúe ás persoas inmunodeprimidas) e mulleres embarazadas

Sendo, a persoa participante, persoa vulnerable e/ou que convive cunha persoa vulnerable, declaro que son consciente do risco que corre tanto a persoa vulnerable participante como as persoas vulnerables coas que convive.

ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓN PERSOAIS DE HIXIENE E PREVENCIÓN NO QUE SE VAI DESENVOLVER O PROGRAMA ESCOLA DE VERÁN 2022

Lin e acepto as condicións de hixiene e prevención nas que se vai desenvolver a actividade.

DECLARACIÓN DE QUE LEU E ACEPTA A INFORMACIÓN PROPORCIONADA POLA ORGANIZACIÓN SOBRE A ADAPTACIÓN DA ACTIVIDADE AO COVID-19

Declaro que lin a información de adecuación da actividade ao COVID-19 e que polo tanto teño coñecemento pleno e estou de acordo coas medidas e procedementos que se propoñen.

CONSENTIMENTO INFORMADO SOBRE COVID-19

Declaro que, logo de recibir e ler atentamente a información contida nos documentos anteriores, son consciente dos riscos que implica, para a persoa participante e para as persoas que conviven con el, a participación na actividade no contexto da crise sanitaria provocada polo COVID-19, que asumo baixo a miña propia responsabilidade.

En, a..... de..... de.....

HASH DO CERTIFICADO:
 OFD2C378C7B204298B5CEED09905C886F2BBDE1
 41CBC28A90F77318E4A9280D91A4A00A539099E8

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concelodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC21EB12765A46D774B9B

POSTO DE TRABAJO:
 Alcalde
 Secretario

NOME:
 GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS
 NUNEZ MENDEZ, DALMIRO

